



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias xaneiro 2022

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xaneiro do ano 2022 acadou a cifra de 1.021.954 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de decembro de 2021 de 10.831 afiliacións (-1,05%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.627.161, rexistrando un descenso do 1,00% con respecto ao pasado mes de decembro.

Na comparativa interanual (xaneiro de 2022 con xaneiro de 2021) obsérvase un aumento de 29.616 afiliacións no total do sistema en Galicia (2,98%) e un aumento do 4,24% (797.681 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de decembro de 2021, rexístrase unha baixada das afiliacións nas dezasete comunidades autónomas, destacando Extremadura (-1,53%) e Illes Balears (-1,50%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas nas dezasete comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Canarias, Illes Balears, Madrid e Castilla La Mancha con taxas superiores ao 5,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

| CCAA | AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2022 | VARIACIÓNS | | | |
|----------------------|----------------------------------|-----------------|--------------|----------------|-------------|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| España | 19.627.161 | -197.750 | -1,00 | 797.681 | 4,24 |
| Galicia | 1.021.954 | -10.831 | -1,05 | 29.616 | 2,98 |
| Andalucía | 3.222.209 | -31.741 | -0,98 | 123.103 | 3,97 |
| Aragón | 581.464 | -3.397 | -0,58 | 20.809 | 3,71 |
| Asturias | 366.593 | -3.606 | -0,97 | 10.568 | 2,97 |
| Illes Balears | 433.993 | -6.616 | -1,50 | 21.878 | 5,31 |
| Canarias | 821.980 | -9.939 | -1,19 | 52.644 | 6,84 |
| Cantabria | 219.154 | -2.483 | -1,12 | 6.385 | 3,00 |
| Castilla La Mancha | 740.563 | -8.444 | -1,13 | 35.349 | 5,01 |
| Castilla y León | 922.051 | -10.212 | -1,10 | 26.141 | 2,92 |
| Cataluña | 3.482.514 | -36.617 | -1,04 | 135.623 | 4,05 |
| Comunitat Valenciana | 1.991.431 | -28.624 | -1,42 | 91.763 | 4,83 |
| Extremadura | 397.512 | -6.159 | -1,53 | 12.082 | 3,13 |
| Madrid | 3.366.383 | -24.997 | -0,74 | 168.032 | 5,25 |
| Murcia | 614.671 | -4.986 | -0,80 | 26.987 | 4,59 |
| Navarra | 293.185 | -2.480 | -0,84 | 8.762 | 3,08 |
| País Vasco | 973.586 | -6.436 | -0,66 | 22.703 | 2,39 |
| La Rioja | 131.586 | -976 | -0,74 | 4.244 | 3,33 |
| Ceuta e Melilla | 46.334 | 793 | 1,74 | 992 | 2,19 |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 3,42%, o que supón 14.519 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (2,87%), Lugo (2,40%) e, por último, Ourense (2,25%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xaneiro con respecto ás do mes de decembro, rexistrouse en Galicia un descenso do 1,05%. A Coruña e Pontevedra presentan o maior descenso cunha taxa de variación intermensual do -1,10%, seguidas de Lugo (-0,90%) e Ourense (-0,85%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

| PROVINCIA | AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2022 | VARIACIÓN | | | |
|----------------|-------------------------------|-----------------|--------------|----------------|-------------|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| A CORUÑA | 439.489 | -4.867 | -1,10 | 14.519 | 3,42 |
| LUGO | 121.608 | -1.101 | -0,90 | 2.846 | 2,40 |
| OURENSE | 102.317 | -875 | -0,85 | 2.256 | 2,25 |
| PONTEVEDRA | 358.540 | -3.988 | -1,10 | 9.995 | 2,87 |
| GALICIA | 1.021.954 | -10.831 | -1,05 | 29.616 | 2,98 |
| ESPAÑA | 19.627.161 | -197.750 | -1,00 | 797.681 | 4,24 |


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,77% das afiliacións galegas en xaneiro de 2022, baixaron un 1,13% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 3,78%. En España estas taxas foron do -1,09% con respecto a decembro de 2021 e do 4,78% en relación ao mes de xaneiro de 2021. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (72,02%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Pontevedra (1,38%) amosa a taxa de variación interanual máis positiva, e Lugo (-1,20%) a máis negativa. O crecemento medio da comunidade galega sitúase entón no 0,47%. Para este réxime e con respecto ao mes de decembro de 2021, baixan todas as provincias, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do -0,49%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 1,70% e unha baixada intermensual do 0,49%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xaneiro de 2021, caen todas as provincias, destacando Pontevedra (-1,72%). A taxa galega acaba entón o -1,44%, inferior á de España (0,50%). Con respecto a decembro de 2021, A Coruña presenta unha baixada do 7,07%, seguida de Pontevedra cunha baixada do 2,36% e Lugo cunha baixada do 1,99%. A taxa galega amosa un descenso do 3,68% con respecto a decembro de 2021. A taxa nacional é do -2,69%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

| RÉXIME E PROVINCIA | AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2022 | VARIACIÓN RELATIVAS | |
|------------------------------|----------------------------------|---------------------|------------|
| | | MES | INTERANUAL |
| TOTAL SISTEMA | | | |
| A CORUÑA | 439.489 | -1,10 | 3,42 |
| LUGO | 121.608 | -0,90 | 2,40 |
| OURENSE | 102.317 | -0,85 | 2,25 |
| PONTEVEDRA | 358.540 | -1,10 | 2,87 |
| GALICIA | 1.021.954 | -1,05 | 2,98 |
| ESPAÑA | 19.627.161 | -1,00 | 4,24 |
| R. XERAL | | | |
| A CORUÑA | 349.493 | -1,14 | 4,18 |
| LUGO | 87.585 | -1,03 | 3,87 |
| OURENSE | 79.184 | -0,98 | 3,07 |
| PONTEVEDRA | 278.557 | -1,19 | 3,45 |
| GALICIA | 794.818 | -1,13 | 3,78 |
| ESPAÑA | 16.255.425 | -1,09 | 4,78 |
| R. ESPECIAL AUTÓNOMOS | | | |
| A CORUÑA | 84.690 | -0,53 | 0,64 |
| LUGO | 32.565 | -0,48 | -1,20 |
| OURENSE | 23.133 | -0,39 | -0,44 |
| PONTEVEDRA | 67.595 | -0,48 | 1,38 |
| GALICIA | 207.983 | -0,49 | 0,47 |
| ESPAÑA | 3.312.234 | -0,49 | 1,70 |
| R. ESPECIAL DO MAR | | | |
| A CORUÑA | 5.306 | -7,07 | -0,85 |
| LUGO | 1.457 | -1,99 | -1,18 |
| OURENSE | 0 | -- | -- |
| PONTEVEDRA | 12.389 | -2,36 | -1,72 |
| GALICIA | 19.152 | -3,68 | -1,44 |
| ESPAÑA | 58.503 | -2,69 | 0,50 |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>